

Informe Orquestras de Galicia 2011/2012 (As orquestras)

Fandiño Alonso, Xaime; Regueira Rey, Carlos; López Pena, Zósimo

(Universidade de Santiago de Compostela)

xaime.fandino@usc.es; carlos.regueira@usc.es; zosimo.lopez@rai.usc.es

1. Estado da investigación sobre as formacións galegas de música de verbena

O número de formacións musicais das que temos ata o momento constancia de actuacións entre xaneiro do 2010 e o primeiro cuadrimestre do 2013 ascende a 624; este número probablemente aumentará debido a que este traballo ten unha actividade continua de recollida de datos. Do número total de formacións contabilizadas ata o momento temos datos sobre 344 con respecto dos xeitos de contratación que seguen: ben traballan con algún axente en exclusiva, ben son independentes ou resultou imposible saber o xeito de contratación a pesar de telo procurado. Os datos quedan recollidos na táboa seguir:

Táboa 1: oficinas de contratación de formacións musicais de verbena en Galicia no ano 2013

Oficina	Número de orquestras
Independentes ou que traballan con máis dun representante	155
Espectáculos Lito	61
Galicia espectáculo / Alvar	36
Sito Mariño	31
Lugo Norte	24
Descoñecidas	22
Día y Noche espectáculos	9
Noite Meiga	3
Zona Chan	1
Siglo XXI	1
Mavi Espectáculos	1
TOTAL	344

Fonte: elaboración propia

Resulta significativo que a maioría das formacións independentes son tríos e dúos así como algúns grupos.

Hai que indicar que notamos a existencia de orquestras non profesionais que están formadas no seo de asociacións culturais como a Acapa Show ou a orquestra Stelar son. No caso desta última o seu nacemento parece ter relación co efecto da crise económica e a falta de recursos por parte das comisións de festas: "A nosa é unha asociación cultural sen ánimo de lucro, fundada como orquestra para axudarlles as comisións de festas con menos recursos, que non poden facer as súas festas coas orquestras habituais".⁵³

53 Redacción. 'Festa con ritmos solidarios', noticia de <http://elprogreso.galiciae.com/nova/192253.html?lang=es> consultada a 30 de abril de 2013.

As actuacións destas formacións é interpretada como un xeito de concorrencia desleal⁵⁴ fronte a formacións compostas por profesionais que cotizan á Seguridade Social por traballaren nas verbenas.

2. A crise fai que se formen máis dúos e tríos disgregados de formacións máis numerosas

Dos datos obtidos e das declaracións de integrantes do sector⁵⁵ despréndese a que crise económica propiciou a aparición de moitas formacións cun número de integrantes reducidos como dúos ou tríos. En moitos casos non se trata de novos profesionais que chegan a este complexo mundo das verbenas, senón que son artistas membros de formacións maiores que se presentan como unha oferta alternativa para cando unha comisión de festas non ten orzamento suficiente para contratar un grupo con máis compoñentes.

Algúns exemplos son os grupos Iris ou Meneíto, que se poden contratar tamén como trío e dúo; Ale y Alex, que é un dúo conformado polos cantantes do grupo Ceniza ou o Trío Escobar, que pode funcionar como dúo.

O troco de metodoloxía aplicada neste estudo propiciou que se obteñan datos que reflicten un número superior de dúos e tríos con respecto do estudo do 2010, que ascende polo momento a 78 tríos e 118 dúos. Nalgúns casos, chama a atención que como argumentación de venta da actuación dalgún dúo apareza o texto “se da factura”⁵⁶.

3. A crise e os caches das orquestras

Xa no estudio realizado sobre o 2010, facíamos referencia á dificultade de acadar os cachés das orquestras por parte das oficinas dos representantes. Despois das enquisas feitas no traballo académico anteriormente mencionado, pódese interpretar que as oficinas de contratación ofrécenlle aos axentes de zona un valor determinado polas orquestras. É posible que os axentes de zona lle apliquen unha comisión sobre o valor que lles ofreceron a oficina de representación e é posible que se estableza unha negociación entre o vendedor (axente de zona) e o comprador (posiblemente, unha comisión de festas) onde o vendedor consiga un beneficio diferente pola mesma orquestra en lugares diferentes de actuación.

Temos o coñecemento do caché de 55 formacións musicais en 8 datas diferentes entre o 2011 e o 2013. Polo de agora temos os datos económicos só dunha oficina de contratación que pode servir como unha mostra de estudio para apreciar algún troco significativo entre os prezos das orquestras entre o 2011 e o 2013.

Pódese apreciar que as orquestras grandes ou de marca xa fixada seu cache non diminúe dun xeito tan chamativo. Temos rexistrado un descenso do caché dun 21,7% dende unha data dun sábado de xullo de 2011 a unha data dun sábado de agosto de 2013 para este tipo de formacións.

No caso das formacións medianas, estas parecen ser as máis afectadas polo descenso de caché rexistrándose descensos dende o 34% ao 46% dende o 2011 ata o 2012. A isto, como a todos os sectores industriais habería que sumarlle a suba do IVE a finais do ano 2012, o que

54 Franco, Camilo. 'Cultura dice no tener competencias para regular las orquestas de baile'. Consultada en http://www.lavozdeg Galicia.es/ocioycultura/2011/12/13/0003_201112G13P37991.htm o 30 de abril de 2013.

55 Pato, Alfonso. 'La verbena cambia de cartel', consultada a 30 de abril de 2013 en: http://ccaa.elpais.com/ccaa/2012/08/15/galicia/1345058036_370920.html

56 <https://www.facebook.com/duofiestas.arribas>

incrementa o custe dos carburantes⁵⁷ de cara ás formacións musicais de verbenas e ás comisións de festas aféctalle a subida do IVE no caché das orquestras.

4. Cambio de número de axencias de espectáculos

Con respecto do informe anterior, recóllese unha nova oficina de contratación de orquestras chamada Galicia Espectáculo, creada no ano 2012 e, agora, en asociación coa oficina Espectáculos Alvar.

Na súa listaxe atópase a posibilidade de contratar 36 orquestras, unha das cales é a orquestra Olympus (anteriormente vinculada á empresa Espectáculos Lito).

5. Homes e mulleres profesionais na industria da verbena galega

De 624 formacións sabemos:

Táboa 2: Número de profesionais por formacións musicais de verbena en Galicia

O número de integrantes de 296 formacións	1.973
O número de integrantes mulleres de 277 formacións	488
O número de integrantes homes de 277 formacións	1.395
O número de cantantes homes de 197 formacións	259
O número de cantantes mulleres de 197 formacións	320
O número de técnicos SÓ de 24 formacións	76

Fonte: Elaboración propia

6. Maior presenza nas redes sociais

De 624 formacións contabilizadas sabemos que 102 teñen páxina web, pero 30 dos enderezos achegados polo afiche, representante ou outros medios, non funcionan. Pese a isto, e posiblemente debido á gratuidade e á fácil actualización de información por parte dun usuario cuns mínimos coñecementos de Internet, o número de perfís en redes sociais e moito máis elevado que o de páxinas web, xa que de 624 formacións sabemos que 182 teñen perfil na rede social Facebook.

7. A orquestra *Panorama* en Telecinco

Aínda que na Televisión de Galicia é habitual a aparición de orquestras de verbena tanto en programas de variedades como *Luar* ou en especiais como o realizado sobre *Verbenalia*, parécenos importante indicar que no ano 2012 a orquestra *Panorama* protagonizou o “minuto de ouro” da Noitevella en Telecinco⁵⁸, o que supuxo que unha orquestra de verbena galega estivera incluída na grella de programación dunha canle con emisión en todo o territorio

⁵⁷ Nótese que o camiión ou tráiler escenario é o medio máis utilizado polas orquestras galegas de verbena. Unha orquestra grande coma a *Panorama* move 4 trailers en cada actuación de exterior e no verán pode ter máis de 100 actuacións pola xeografía galega, por León e Asturias. Unha orquestra mediana como *Fania Blanco Show* move 2 camiións e 1 microbús.

⁵⁸ Franco, Camilo. 'La *Panorama* protagonizará en Nochevieja el minuto de oro de Telecinco tras las uvas'. http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/televisión/2012/12/16/panorama-protagonizara-nochevieja-minuto-oro-telecinco-tras-uvas/0003_201212G16P74996.htm a 30 de abril de 2013.

español e fora vista por unha estimación de 2.768.000 persoas (unha cota de pantalla do 19,8%)⁵⁹.

8. Afloramento de radios on line e apps.

Con respecto do informe do 2010, notamos a presenza de programas de radio específicos sobre orquestras de verbena. Habitualmente, as radios locais como Radio Estrada, Radio Caldas ou Radio Boiro son os focos de difusión de traballos discográficos así como de actuacións de orquestras.

Algunhas emisoras que ata o de agora eran de ámbito local xa teñen, grazas a Internet, a posibilidade de obter unha proxección mundial. Casos paradigmáticos poden ser o programa *Palco directo* de Fórmula Fun Radio⁶⁰ dirixido por Rubén Romeo e *Palco de estrelas* de Radio Valga⁶¹ dirixido por Daniel Seijas nos que, ademais de radiarse temas executados por orquestras, son entrevistados membros desas formacións.

A estes espazos temáticos incluídos na programación das radios anteriormente mencionadas hai que engadir a páxina web derivada de *Pasión orquestras*, denominada *Radio Verbenas*⁶², que é reprodutor automático *on line* de cancións executadas por formacións de verbena, isto é, non ten programación. Un total de 22 formacións de todo o territorio español participan coa execución de temas; 15 destas formacións son galegas. Como se trata dunha emisión *on line*, obviamente, ten a posibilidade de obter un alcance mundial.

No informe de 2010 xa nos faciamos eco da existencia de páxinas web adicadas exclusivamente a este mundo das orquestras de verbena como poden ser *Pasión orquestras*⁶³, *Orquestras y fiestas*⁶⁴ ou *Fene.com*⁶⁵ pero non tiñamos a constancia de existencia de aplicacións para o teléfono móbil (*apps*) coma a que se deriva da páxina web *Orquestras de Galicia*⁶⁶. Por medio desta *app* denominada *Orquestras de Galicia*⁶⁷ que xa supera as 5.000 descargas pódense consultar as datas das verbenas e/ou actuacións de orquestras, a situación e ruta ata as mesmas, as novidades sobre as orquestras favoritas... Outra *app* máis centrada na festa que nas orquestras sería *Galicia en festas*, aínda que semella que non goza dunha valoración tan positiva como a anteriormente mencionada.

Aínda non se aprecia unha emerxencia masiva de *apps* de orquestras concretas; con todo, un exemplo podería ser a aplicación para o móbil da orquestra Panorama⁶⁸ ou a da orquestra Filadelfia⁶⁹.

59 Telemania.es. 'Las Campanadas de Mediaset reúnen a 3,5 millones de espectadores (25,1%)'. http://www.telecinco.es/telemania/audiencias/audiencia-campanadas-mediasset-tve-antena-sexta_0_1534575052.html a 30 de abril de 2013.

60 <http://www.formulafunradio.es>

61 <http://www.radiovalga.net>

62 <http://www.radioverbenas.tk>

63 <http://pasionorquestras.es.tl>

64 <http://orquestras5c.blogspot.com.es>

65 <http://fenecom.blogspot.com.es>

66 <http://www.orquestrasdeg Galicia.es>

67 <https://play.google.com/store/apps/details?id=com.samirfk.orquestras>

68

https://play.google.com/store/apps/details?id=appinventor.ai_outtime34.MagicTour2012&feature=search_result#?t=W251bGwMSWxLDEslmFwcGludmVudG9yLmFpX291dHRpbWUzNC5NYWdpY1RvdXIyMDEyIl0

Xa no informe sobre o ano 2010 apuntábase que o fenómeno das orquestras de verbena non era exclusivo de Galicia. Neste senso, débese indicar que a aplicación⁷⁰ derivada da páxina web *Orkestras.es* amplía a todo o territorio nacional a información sobre as orquestras e as súas actuacións.

9. Temos constancia de máis orquestras de fóra da comunidade que veñen a actuar a Galicia.

De 624 formacións, a día de hoxe sabemos a procedencia de 178. As poboacións onde se recolle un número máis elevado de formacións son:

Táboa 3: Poboacións de procedencia con máis formacións musicais de verbena en Galicia

Pontevedra	20
Vigo	19
A Coruña	17
Ourense	14
Santiago de Compostela	10

Fonte: elaboración propia

O número de formacións de fóra de Galicia que veñen actuar nas verbenas galegas que temos contabilizado ata o momento é de 36. Delas, 11 son de Asturias, tres de León, tres das Illas Canarias e tres de Portugal. A oficina Galicia Espectáculo ten na súa listaxe de orquestras a ofrecer sete destas formacións.

69

https://play.google.com/store/apps/details?id=com.appbuilder.u146722p274618&feature=search_result#?t=W251bGwsMSwxLDEsImNvbS5hcHBidWlsZGVyLnUxNDY3MjJwMjc0NjE4Ii0

70

https://play.google.com/store/apps/details?id=com.orkestas.es&feature=search_result#?t=W251bGwsMSwxLDEsImNvbS5vcmtlc3Rhecy5lcjJd

10. A industria dos discos das orquestras galegas de verbena

De 624 orquestras, polo de agora sabemos da existencia de 32 que teñen disco propio, pero tamén temos constancia de discos popurrí de orquestras de Galicia:

Imaxen 1: portada do disco “Las mejores orquestas de Galicia”



Fonte: catálogo facilitado pola empresa Metanetwork

Existen igualmente discos de popurrí de orquestras de todo o estado español:

Imaxe 2: portada do disco “20 mejores canciones de verbena”



Fonte: catálogo facilitado pola empresa Metanetwork

Os discos, lonxe da imaxe inicial que podíamos ter de situalos nun circuíto marxinal de gasoliñeiras e bares, véndese en establecementos como El Corte Inglés⁷¹ na categoría de “canción española” e na subcategoría de “canción rexional”. Hai polo menos tres selos vinculados á distribución de discos de orquestras galegas de verbena. Estes selos son Quela Records, Inquedanzas Sonoras e Caramba!. Esta última, emprazada en Barcelona, ten no seu catálogo 26 orquestras galegas e a primeira en entrar a colaborar con este selo foi a orquestra Olympus de Negreira (A Coruña).

11. Conclusións

O papel da muller na industria das verbenas parece que non cambiou moito segundo os datos expostos nesta comunicación con respecto ao informe sobre o ano 2010 *Do palco ó escenario*, xa que no número recollido polo momento de homes e mulleres que forman parte dun conxunto musical de verbena corresponde a un 74% de homes e a un 26% de mulleres, que na súa maioría, son cantantes.

A enorme competencia propiciou que dúos, tríos, grupos ou orquestras tomen conciencia da importancia de manter unha comunicación fluída co seu público potencial a través das redes sociais ou de portais webs propios ou especializados no sector, e ata coa difusión de aplicacións propias para teléfonos móbiles.

Dos datos incluídos nesta comunicación pódese inferir que aínda que a industria da verbena é un sector da industria cultural altamente independente das subvencións públicas, non é allea á crise.

Esta industria debido ao seu arraigo social, cultural e popular non se paraliza, segue a haber un número importante de verbenas con orquestra pero parece que a adaptación ao contexto económico actual está constituída por unha baixada importante de caches así como por unha disgregación de formacións numerosas en tríos e dúos, que manteñen o baile nas verbenas a un prezo máis axustado. Por parte das formacións, o mantemento dunha formación pequena, diminúe os gastos de mantemento en nóminas e alugueres de equipos técnicos para o espectáculo.

12. Bibliografía

Fandiño, X. (coord.). *Do palco ó escenario. Unha aproximación analítica á industria da música nas festas populares de Galicia*. recuperado o 29 de abril de 2013, de http://www.agadic.info/temas/agadic/gfx/publicacion/do_palco_o_escenario.pdf

Recursos en internet:

<http://www.formulafunradio.es> recuperado o 29 de abril de 2013

<http://www.radiovalga.net> recuperado o 29 de abril de 2013

<http://www.radioverbenas.tk> recuperado o 29 de abril de 2013

71

<http://www.elcorteingles.es/tienda/musica/browse/productDetailCultural.jsp?categoryId=999.425&productId=A3797539>

<http://pasionorquestas.es.tl> recuperado o 29 de abril de 2013

<http://orquestas5c.blogspot.com.es> recuperado o 29 de abril de 2013

<http://fenecom.blogspot.com.es> recuperado o 29 de abril de 2013

<http://www.orquestasdegalicia.es> recuperado o 29 de abril de 2013